

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 26 DE
FEBREIRO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de febreiro de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asisten, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE, e don José Antonio Baamonde López, do PP.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

A secretaria da corporación informa de que se recibiu un correo electrónico de don Francisco Javier Varela Tejedor, concelleiro do PSdeG-PSOE, escusando a súa asistencia ao pleno, así como ás comisións que tiveron lugar no día de onte, por motivos de saúde.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 11 de novembro de 2008, sesión ordinaria do día 27 de novembro de 2008, sesión extraordinaria e urxente do día 18 de decembro de 2008,

sesión ordinaria do día 8 de xaneiro de 2009, sesión extraordinaria do día 19 de xaneiro de 2009 e sesión extraordinaria e urxente do día 22 de xaneiro de 2009

Pola secretaria da corporación maniféstase que, debido a un erro, na acta da sesión ordinaria do pleno da corporación de 8 de xaneiro de 2009, supletoria da correspondente ao día 26 de decembro de 2008, faise constar a asistencia da interventora municipal, dona M^a Irache Enríquez Albaina, quen non asistiu á citada sesión.

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas repartidas coa convocatoria.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou os borradores correspondentes ás sesións que se relacionan, coa modificación proposta pola secretaria da corporación á acta da sesión que tivo lugar o 8 de xaneiro de 2009:

Actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 11 de novembro de 2008, sesión ordinaria do día 27 de novembro de 2008, sesión extraordinaria e urxente do día 18 de decembro de 2008, sesión ordinaria do día 8 de xaneiro de 2009, sesión extraordinaria do día 19 de xaneiro de 2009 e sesión extraordinaria e urxente do día 22 de xaneiro de 2009.

2º Proposta de aprobación de tarifas do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almuerzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre

Vista a proposta conxunta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes, e do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 19 de febreiro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica, e pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá, de data 25 de febreiro actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP.

A corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as seguintes tarifas do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre:

	Centros de 1,5 h (Prezo en euros)	Centros de 2 h (Prezo en euros)	Centros de 2,5 h (Prezo en euros)	Almorzo (Prezo en euros)
Mes completo	75,00 con almorzo 50,00 sen almorzo	88,00 con almorzo 63,00 sen almorzo	96,00 con almorzo 71,00 sen almorzo	25,00
Días soltos	3,50 con almorzo 2,20 sen almorzo	4,00 con almorzo 2,70 sen almorzo	4,50 con almorzo 3,20 sen almorzo	1,30

O Concello de Cambre aboará sobre o importe da tarifa, como regra xeral, o 45% do custo por alumno e o 55% restante, aboarase directamente ao adxudicatario polos usuarios mediante o pago da correspondente tarifa.

Así mesmo, serán de aplicación as seguintes reducións:

1º.- Os escolares participantes que con base na seguinte baremación sumen 4 puntos ou máis terán un desconto do 30% sobre a cota xeral:

BAREMACIÓN:

A) Con base nos ingresos económicos, segundo a renda “per cápita” mensual e en relación ao número de fillos que soliciten o programa:

RENDA “PER CÁPITA” MENSUAL	1	2	3 ou máis
276,30 euros	3 puntos	4 puntos	5 puntos
276,30-367,88 euros	2 puntos	3 puntos	4 puntos
367,88-613,12 euros	1 punto	2 puntos	3 puntos
613,12-858,37 euros	0 puntos	0 puntos	1 punto

B) Por ser familia monoparental: 3 puntos.

2º.- Así mesmo, o Concello de Cambre custeará o 100% do importe da tarifa de tres alumnos por centro, tras un informe de valoración remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre.

3º.- No caso de familia numerosa aplicarase un 50% de desconto sobre a tarifa correspondente a cada un dos participantes, para o cal a persoa que o solicite deberá achegar fotocopia do título de familia numerosa.

Prevalecerá a redución de maior contía naqueles casos nos que ao solicitante se lle poida aplicar varios descontos.

Segundo: Publicar as tarifas aprobadas para xeral coñecemento.

3º Alegacións á modificación da ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no programa “Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes

Dada conta do escrito de suxestións presentado por dona María José Núñez Maceira, rexistrado de entrada ao núm. 169 o 9 de xaneiro de 2009, á aprobación polo pleno da corporación en sesión ordinaria de data 28 de agosto de 2008, con carácter inicial, da modificación da Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no programa “Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes.

Visto o informe-proposta emitido pola animadora deportiva, co conforme da secretaria xeral, de data 19 de febreiro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá, de data 25 de febreiro actual.

Concedida a palabra a don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, manifesta que, aínda que nas comisións de onte votaron a prol da proposta, despois de ter valorado os tres puntos da alegación, consideran que está moi claro o primeiro punto da alegación, que se acepta, e o terceiro punto, que se rexeita por razóns de legalidade, pero vanse abster porque, como xa dixeron onte, parécelles interesante que, aínda que sexa fóra de prazo, ningunha familia que pretenda acadar a conciliación familiar e laboral, quede fóra dun programa deste tipo, polo tanto, amosan ese apoio, entenden o informe, pero vanse abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os seis concelleiros presentes

do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aceptar a suxestión presentada por D^a María José Núñez Maceira á Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes, respecto a incluír na ordenanza a preferencia dos alumnos/as que soliciten o programa en mes completo sobre os que o soliciten en días soltos no “art.2.- Prestación dos servizos”, motivado en que o mínimo de alumnos/as establecido aseguren así uns ingresos determinados que amorticen os gastos da empresa, e modificar o artigo 2.3 na redacción aprobada inicialmente na sesión do 28 de agosto de 2008 que quedará redactado como se transcribe a continuación, permanecendo o resto do articulado coa redacción aprobada o 28 de agosto de 2008.

“Art.2.- Prestación dos servizos.

3.- O número de alumnos/ as por grupo en cada centro será unha media de 13 como mínimo, que soliciten o servizo (con ou sen modalidade de almorzo) para o mes completo para todo o curso e tendo preferencia sobre os que o soliciten en días soltos, e o número máximo de 26. Non obstante, se nun centro houbera máis demanda, e existiran posibilidades económicas por non levarse a cabo o programa nalgún centro dos previstos, poderíase aumentar este número máximo de alumnos.”

Segundo: Rexeitar as suxestións presentadas por D^a María José Núñez Maceira á Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no “Programa Mañanceiro”, inscrición e selección dos solicitantes, respecto a:

- Que “se contemple a posibilidade con carácter excepcional de que aqueles solicitantes que non acaden a puntuación na fase de baremación para ser admitidos no programa e acrediten debidamente a súa imposibilidade de acercar o neno ao centro escolar no horario lectivo, poidan ser incluídos no programa mañanceiro sen dereito a subvención e pagando a totalidade do custo do servizo”, motivado pola imposibilidade de espazos reais nos centros escolares e por motivos económicos tendo en conta o contrato en vigor.

- Á redución do prazo de inscrición no programa, motivado pola conveniencia de manter o prazo xa que segundo a Orde de 17 de marzo de 2007, publicada no DOGA nº 55 con data luns 19 de marzo de 2007, establécese que o prazo de formalización de matrícula remata o

30 de xuño para o alumnado de educación infantil e primaria de nova inclusión, sendo necesario o prazo de solicitude no programa Mañanceiro ata o 15 de xullo para que as familias poidan inscribir aos seus fillos/as nel.

Terceiro: Elevar a definitivo o acordo adoptado con carácter provisional en data 28 de agosto de 2008, coa modificación do artigo 2.3 segundo a redacción contida no apartado primeiro do presente acordo.

Cuarto: A teor do establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publíquense os anteriores acordos e o texto íntegro da modificación da ordenanza.

4º Aprobación definitiva de modificación do Plan Parcial do Solo Apto para urbanizar residencial de baixa densidade n.º 8, situado en Quintán, Cecebre

Visto el expediente incoado a instancia de Promociones Pena Mayor 2000, S.L., con domicilio na rúa Juan Montes núm. 1, 2º Lugo.

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 26 de decembro de 2008.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 25 de febreiro actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por seis votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar definitivamente a modificación do Plan Parcial do Solo Apto para urbanizar residencial de baixa densidade 8 das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre, situado en Quintán- Cecebre, no referente ás aliñacións das vivendas con fronte á estrada autonómica AC-221, promovida por Promociones Pena Mayor, S.L., e elaborada polo arquitecto don Ramón P. Quiroga Álvarez.

Segundo: Publicar este acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia e no

Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 92.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Terceiro: Comunicar á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a aprobación definitiva e darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do modificado do Plan Parcial aprobado definitivamente, de conformidade co artigo 92.3 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

5º Proposta de modificación dos acordos adoptados polo Pleno da Corporación de datas 30 de agosto de 2007 e 24 de abril de 2008, respecto da constitución da Mesa de Contratación

Vista a proposta da Alcaldía de data 18 de febreiro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 25 de febreiro actual.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto favorable emitido onte, porque consideran que é unha cuestión de organización do equipo de goberno, que lles compete exclusivamente a eles, e polo tanto, vanse abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP e os catro concelleiros do BNG.

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 161 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público, en todos os expedientes de contratación que se incoen no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido no artigo 295 da antedita Lei 30/2007.

Segundo: A Mesa de contratación estará constituída polos seguintes membros:

- Presidente: o señor alcalde, don Antonio Varela Saavedra, ou no seu lugar, o concelleiro/a da corporación no que delegue.

- Vogais:

1.- O concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego don José Venancio Salcines Cristal, e como suplente o concelleiro-delegado de Educación, Xuventude e Deportes don Jaime Manuel López Lisnier.

2.- A concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos, dona Beatriz Ramos Padín, e como suplente, a concelleira delegada de Cultura e Turismo, dona Erundina Prado Arcay.

3.- O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, don Santiago Manuel Rios Rama, e, como suplente, o concelleiro do PP don Nicolás José Cubeiro Martínez.

4.- O voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, e, como suplente, o concelleiro do BNG don Antón Otero Domínguez.

5.- O voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida-Izquierda Unida, don Luis Miguel Taibo Casás, e, como suplente, o concelleiro de EU-IU don Juan Antonio Fernández López.

6.- O voceiro do grupo mixto (Partido Galeguista), don Manuel Marante Gómez.

7.- A secretaria da Corporación, dona María Luisa de la Red Ampudia, e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona M^a Fernanda Montero Carré.

8.- A interventora da Corporación, dona M^a Irache Enríquez Albaina, e, como suplente, a técnica de xestión económica dona Isabel M^a Fuentes Torices.

9.- O técnico municipal de superior rango da sección que corresponda segundo a obra, servizo ou subministración de que se trate, ou funcionario/a da mesma sección no que delegue.

- Secretaria: a técnica de xestión de Administración xeral, dona M^a Fernanda Montero Carré, e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral dona M^a de los Ángeles Gutiérrez Sánchez.

Terceiro: Publíquese o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, para coñecemento xeral, de conformidade co disposto no artigo 79.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.

6º Mocións

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

A) Moción dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG, EU-IU e GM (PG), de modificación do acordo adoptado polo pleno da corporación en sesión de data 18 de decembro de 2008, respecto da inclusión do ámbito dos Campóns no Plan sectorial de solo de Galicia con destino a vivendas protexidas

Vista a moción de data do día de hoxe que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o escrito presentado o pasado 16 de febreiro polos veciños de Sigrás, no que se manifesta e proba que a maioría dos propietarios do solo dos Campóns-Sigrás, que se propuxo incluír polo pleno desta corporación do 18 de decembro do pasado ano no Plan sectorial de solo de Galicia con destino a vivendas protexidas, están en contra da súa inclusión no dito plan, e tendo en conta o criterio da Alcaldía e dos voceiros de todos os grupos municipais de Cambre, posto de manifesto na xunta de voceiros ordinaria de 19 de febreiro actual, de propoñer a exclusión deste ámbito do Plan sectorial se a maior parte dos propietarios afectados están en contra del, fórmase ao pleno da corporación polos voceiros dos grupos municipais asinantes, a seguinte proposta de acordos a adoptar:

Primeiro: Modificar o acordo adoptado polo pleno da corporación en sesión extraordinaria e urxente de data 18 de decembro de 2008, na alínea terceira, respecto da inclusión no Plan sectorial de solo de Galicia dun ámbito nos Campóns, e, para tal efecto, solicitar ao Instituto Galego da Vivenda e Solo da Consellería de Vivenda a non inclusión do ámbito dos Campóns-Sigrás no Plan sectorial de solo de Galicia con destino a vivendas protexidas.

Segundo: Dar traslado inmediato deste acordo ao Instituto Galego da Vivenda e Solo indicado para o seu coñecemento e para que leve a cabo a eliminación de tal ámbito do Plan sectorial referido.”

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que cando o Sr. Salcines deu lectura á moción equivocouse na data do pleno e dixo 18 de setembro en vez de 18 de decembro, porque non estivo nese pleno. Trátase, posiblemente do asunto máis importante que se tratou en Cambre nos últimos anos, e faltaron dous dos concelleiros do equipo de goberno.

Continúa dicindo que o seu grupo está totalmente de acordo en que se elimine Sigrás, pero eles van máis alá, non lles chega con Sigrás, senón que están totalmente en contra dese plan de vivenda, esixiron dende o primeiro momento que se eliminase todo o plan de vivenda. Cre que é conveniente recordar as súas razóns: máis de 1800 vivendas, que son esaxeradas para as necesidades de Cambre; é unha barbaridade que se diga que non se necesita mellorar as infraestruturas, por ser suficientes; e, sobre todo, están totalmente en contra da forma de presentar ese plan, o escurantismo, a falta de información, as promesas do Sr. alcalde de crear unha oficina de información que non se creou, en xeral unha serie de cousas que foron un desprezo cara aos veciños, pero, ademais, o tema da expropiación forzosa, que para eles é inaceptable. O único tipo de actuación que se propón no plan de vivenda é ese. Polo tanto, eles estiveron totalmente en contra do plan. Estiveron de acordo cando se eliminou A Barcala, pareceulles ben, insuficiente pero ben, e parécelles ben tamén que hoxe se elimine Sigrás, insuficiente pero ben.

Segue a dicir que, o mes pasado houbo un pleno lamentable, no que o PP presentou unha moción na que se solicitaba que, se os veciños o demandaban, que se eliminasen as actuacións previstas no plan, e iso é o que se está facendo hoxe. Polo tanto, non entenden como se pode cambiar de opinión nun mes, como o mes pasado se lles insultou, e houbo un comportamento lamentable, e hoxe estase pensando facer o que o PP pretendou facer hai un mes. Gústalles que se faga, pero non o entenden, e ademais parécelles insuficiente porque aínda están afectados os propietarios das empresas dos polígonos do Temple e de Cela. Non foi a Xunta, foi o Concello de Cambre o que os meteu nun problema. Non se lles preguntou se están de acordo co plan, polo tanto están incumprindo coas súas promesas, non lles preguntaron se están de acordo en que se eliminen eses polígonos e que se trasladen as súas empresas, non saben onde, nin saben canto lles vai custar, nin sequera se lles van funcionar as naves e os negocios, e, nestes momentos, é especialmente grave que non se pense na viabilidade dos negocios.

Conclúe dicindo que o que ten que facer o Sr. alcalde e o equipo de goberno é falar con todos os veciños afectados, porque as empresas, os empresarios, e os traballadores, son veciños afectados. O PP pensa que deberían falar con eles e preguntarlles se están de

acordo, e se a maioría, igual que fan os veciños de Sigrás, e no seu momento fixeron os da Barcala, solicitan que se retire, iso é o que se debería facer, en todo caso, o PP está totalmente de acordo con que se retire esta actuación.

O Sr. alcalde pide, por favor, que o público manteña silencio.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que se as cousas seguen así van ter que renunciar ao uso da palabra, e lémbrale ao Sr. alcalde que é responsabilidade súa controlar a orde no pleno, e que se respecten os dereitos dos cargos electos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que tamén el espera e desexa que este pleno se desenvolva polos cauces normais, pacificamente, sen alborotar. Di que a el non lle importa que a xente de vez en cando lles diga algo, pero que, se é posible, que transcorra da mellor maneira posible. Pero, tendo en conta o que está sucedendo, tamén van desistir do uso da palabra.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que, antes de continuar, quere lembrar que a moción que o PP presentou o mes pasado, o Partido Galeguista si que a aprobou.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, respecto desa mención á moción do PP do mes pasado, el tamén quere dicir que o seu grupo rexeitou dende un principio o plan de actuación da Barcala, así o manifestaron en todas e cada unha das asembleas ás que lles invitaron, tamén no pleno. Di que tamén manifestaron na súa alegación o rexeitamento ao plan dos Campóns. Hai uns quince días tamén lle manifestaron ao Sr. alcalde a idea de eliminar o plan dos Campóns, e volven dicilo hoxe. Non o dixeron cando o PP presentou a súa moción porque, ao seu xuízo, presentaron unha moción tendenciosa onde se acusaba aos grupos da oposición de tramposos, onde se pedía que o Plan sectorial de vivenda se retirase de toda Galicia, cando eles non son ninguén para pedir que se retire o plan de toda Galicia, doutros concellos que si están de acordo con el, incluídos algúns do propio PP. Por iso o seu grupo non apoiou a moción, dicindo ademais que estaban de acordo cos puntos que se propoñían, pero non coa exposición de motivos.

O Sr. alcalde manifesta que lamenta os danos que se teñan podido ocasionar aos veciños, pero que sendo fiel a súa palabra, de que aceptarían o que dixera a maioría, van votar esta moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción, tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

B) Moción do grupo municipal do PP para a inmediata construción dun colexio de educación primaria

Rexistrada de entrada ao núm. 1755 o día 21 de febreiro de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“Os veciños de Cambre tiveron que sufrir durante os últimos catro anos un goberno da Xunta de Galicia que os ignorou. Dende as actuacións previstas polo Plan de Vivenda, nas que atoparon a complicidade das maioría dos grupos políticos de Cambre, ata os trazados do AVE ou da Vía Ártabra, pasando pola caótica xestión das obras públicas no noso concello, nas que a incapacidade da responsable municipal de obras foi determinante, son tan só unha mostra do que os gobernos socialistas e nacionalistas son capaces de facer cando chegan ao poder.

Pero se hai algo que realmente pode danar o benestar futuro dos nosos veciños e dos nosos fillos é a falta de colexios en Cambre, especialmente na parroquia do Temple. Nos últimos catro anos a Xunta de Galicia non levou a cabo ningunha iniciativa para construír un colexio no noso municipio. Propuxeron a ampliación do colexio do Graxal que aínda non se comezou e que se supón que debería estar habilitada para dentro de seis meses. Esta, como tantas outras, foi unha das promesas incumpridas do goberno autonómico con Cambre. Lamentablemente a insuficiente, pero necesaria ampliación do colexio do Graxal non estará a disposición das familias de Cambre para o próximo curso debido á incompetencia e falta de compromiso do goberno da Xunta de Galicia.

O goberno local, non obstante, tivo unha gran responsabilidade na falta deste novo centro

escolar. Durante anos deixaron pasar o tempo sen adquirir os terreos necesarios para poñer a disposición da Consellería de Educación e o mesmo están facendo cos terreos que pretenden adquirir en Lendoiro. Nos orzamentos de 2008 existía unha partida de 30 mil euros para comprar os terreos, algo que era claramente insuficiente como o Partido Popular xa denunciou no seu momento. Pero non só iso: Os donos dos terreos que queren ser expropiados están indignados polos prezos que se lles ofreceron, en gran parte porque o alcalde asinou un convenio urbanístico cunha promotora inmobiliaria que non puido cumprir, e que o único que provocou foi crear unhas grandes expectativas aos veciños que no puideron ser satisfeitas. É responsabilidade en exclusiva do alcalde que os terreos que agora quere expropiar teñan sido obxecto dun convenio urbanístico no que figura a súa sinatura e dun Plan de Vivenda que el mesmo negociou persoalmente cos responsables da Xunta, polo que agora tamén é responsabilidade do alcalde resolver o conflito que provocou cos veciños para adquirir os terreos para a construción dun novo colexio. Aínda que novamente temos que denunciar que a raíz de todos estes males e a maior das irresponsabilidades do alcalde durante estes anos, é a falta de Plan Xeral. Sen Plan Xeral non só non temos posibilidade de crear novos equipamentos, como nos pasou coa casa da cultura ou cos colexios, senón que os veciños non poderán acadar a seguridade urbanística que teñan reclamado de forma insistente durante anos, pero especialmente nos últimos meses a raíz do Plan de Vivenda.

Considerando a gravidade da situación e a inminente necesidade da construción dun novo colexio de educación infantil e primaria en Cambre, o grupo municipal popular somete á consideración do pleno a aprobación dos seguintes acordos

Primeiro: Esixir ao goberno da Xunta de Galicia que de maneira urxente inicie as obras de ampliación do CEIP do Graxal.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia a que realice a modificación de crédito oportuna para que se reflecta nos orzamentos deste ano a licitación dun novo colexio no noso municipio.

Terceiro: Instar ao equipo de goberno local a que realice a modificación de crédito oportuna para adquirir de forma inmediata os terreos para a construción dun novo colexio en Cambre.”

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, manifesta, en primeiro lugar, que a moción fala da incompetencia da Xunta nos últimos catro anos, pero que tamén habería que falar da incompetencia da

Xunta nos 16 anos anteriores, nos que gobernou o PP, e nos que xamais se achegou nada para Educación en Cambre.

Respecto das propostas que se fan na moción, o de esixir ao goberno da Xunta que, de maneira urxente, inicie as obras de ampliación do Graxal, dilles que esas obras están adxudicadas dende o día 15 deste mes, e a empresa ten un prazo dun mes para iniciar a obra. Estiveron en contacto coa empresa para que axilicen o máis posible ese inicio, e van ver se o poden facer para o vinte e pico deste mes. Houbo que cumprir cos prazos legais que hai na lexislación actual.

Respecto de instar á Xunta de Galicia para que realice a modificación de crédito, non sabe ata que punto o poden facer. A Xunta está disposta a actuar no momento que haxa uns terreos. Xa se teñen iniciado conversacións cos propietarios dos terreos e o arquitecto municipal está iniciando un estudo sobre os trámites de expropiación.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, dille ao Sr. concelleiro que el falou do mandato do Partido Popular, pero quere preguntarlle de cantos metros de solo dispuxo o goberno socialista de Cambre, para que a Xunta construíra un colexio durante ese mandato. Dille que cero. Que esa era a única obriga que tiña o Concello de Cambre, dispor dos terreos para a construción dun colexio, e non dispuxo de ningún. O primeiro que tiña que cumprir, e que non cumpríu, foi o Concello de Cambre.

En segundo lugar, dille que o equipo de goberno está en contacto coa Xunta, nos despachos si, pero baixar a falar cos veciños, igual que fixeron co Plan de vivenda, iso a eles lles horroriza. Dille que os veciños do Temple teñen que estar sufrindo que algúns dos nenos teñan que ir escoltados con Protección Civil para poder ir ao colexio, os que están no centro socio-cultural. Outros nenos teñen que estar recibindo clases en barracóns. A única responsabilidade que tiña o goberno socialista de Cambre, nos seus últimos 25 anos de goberno, era poñer un só metro cadrado a disposición da Xunta para que se construíra un colexio, e non o fixeron ata hai un ano, e dende hai un ano que teñen eses terreos, o goberno da Xunta non fixo absolutamente nada. Dálle igual que estean adxudicados, se non se inician as obras os veciños non van poder gozar delas. Á xente non lle importa a burocracia, o que queren é que estea a ampliación do colexio xa, e levan un ano esperando por ela.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que foi precisamente grazas a un acordo promovido dende o BNG, que se puideran

comezar a dar os pasos para que algúns deses puntos que se tratan na moción, se levaran adiante. Di que eles tamén presentaron unha pregunta para o pleno de hoxe, porque lles parece que as cousas van demasiado lento, o que non entenden é por que se o PP tiña tan claras as cousas dende o principio desta lexislatura, lle deu un apoio tan incondicional a este goberno municipal.

Parécelle moi ben que o PP teña falta de memoria, pero pídelles que non os queiran tomar por parvos, porque mesturar todas as cousas para tentar sacar algo, iso non é de recibo. Di que o AVE e a Vía Ártabra propostos inicialmente, e respecto dos cales dende o propio concello se presentaron alegacións, non viñeron de ningún goberno, nin socialista nin nacionalista, senón que viñeron do Sr. Álvarez Cascos, e do Sr. Núñez Feijoo, como vicepresidente da Xunta e conselleiro de Política Territorial. E, aínda se esquecen doutro proxecto máis, que por sorte conseguiron parar, que foi a canalización do río Mero que pretendían facer inicialmente, e que se logrou cambiar por uns cantos que estiveron a traballar durante dous anos, e tamén pola unanimidade da corporación. Modificouse o proxecto e por iso agora teñen o que teñen aí.

En todo caso, di que a eles, as culpas dos demais non lles sirven para non intentar mellorar as cousas, eles non están satisfeitos co que está ocorrendo coa educación en Cambre, de feito propuxeron que se cedera a parcela do Graxal para a ampliación do colexio, e hoxe mesmo volven preguntar o por que dese atraso. Di que nos orzamentos do 2008 o punto fundamental era a adquisición dun terreo fronte A Barcala para un novo colexio público, e hoxe volven preguntar por que non está iniciado o procedemento de adquisición dese terreo. O que non van é a aprobar a demagogia que o PP pretende meter, só porque están a tres días do que todos eles saben. Dilles que, como gañen, vai ser o primeiro en felicitalos, pero que todos saiban a situación á que van a volver, nin caso da Xunta para Cambre, en ningún aspecto, nin en educación, nin en obras públicas, nin en nada, nin caso que lles van a facer. Falan tamén na moción do bo urbanismo, e parécelle o colmo, despois de que o Sr. Cuiña e o Sr. Feijoo rexiran nese tema durante tanto tempo permitindo as barbaridades que se fixeron en Cambre.

Ante a actitude do público asistente, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dille ao Sr. alcalde que se consinte en que o volvan a interrumpir, el non vai facer uso da palabra máis, e vai pensar en abandonar o pleno. Dille que é a súa responsabilidade.

O Sr. alcalde volve pedir silencio ao público asistente.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo comparte en gran medida a moción presentada polo PP. Di que comparte os puntos de proposta de acordos, pero pensan que no primeiro parágrafo da moción faise unha mestura que, para eles, está fóra do contexto e do fin que pretende a moción, porque é o tema da ensinanza, e cre que todos os grupos están de acordo en que se adquiran terreos e se fagan centros escolares, pero que iso non ten que ver co tema do AVE, da Vía Ártabra. Dille ao PP que se ten a ben retirar ese primeiro parágrafo, o seu grupo non tería ningún problema en aprobar esa moción, porque considera que no resto deberían estar todos de acordo.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que non hai ningún problema con iso, e que retiran o primeiro parágrafo da exposición de motivos.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el tamén ía pedir o mesmo que o Sr. Taibo, e como se retirou, entón el tamén está de acordo coa moción.

Sometida a votación ordinaria a moción presentada polo PP, coa retirada do primeiro parágrafo correspondente á exposición de motivos, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e votan en contra os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG.

A corporación, por dez votos en contra, rexeitou a moción.

Ante a situación suscitada no momento da votación, que fixo necesario repetir a dita votación catro veces, e dadas as manifestacións que seguen a formularse polo público asistente, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, informa ao Sr. alcalde que lamenta ter que comunicarlle que o grupo municipal do BNG abandona o pleno pola imposibilidade de manter unha reunión ordenada e co respecto que merece ese pleno solemne.

Cando son as 21:10 minutos os catro concelleiros do BNG abandonan o salón de sesións.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, antes de dar lectura á moción presentada polo seu grupo, quere salientar que eles van seguir no pleno por respecto á institución municipal e por respecto a o dereito democrático que teñen de representar aos veciños no concello.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos quince concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

C) Moción do grupo municipal de EU-IU sobre a posta en funcionamento do Consello Escolar Municipal

Rexistrada de entrada ao núm. 1758 o día 21 de febreiro de 2009, xunto con outra moción, rogos e preguntas. Consta do seguinte teor literal:

“Con insistencia o grupo municipal de EU-IU ven reclamando ao longo da lexislatura a posta en funcionamento do Consello Escolar Municipal para dotar ao noso municipio con este órgano consultivo, dada a importancia que para nós ten a súa posta en funcionamento, como un mecanismo útil para optimizar recursos e axuntar esforzos na tan importante tarefa educativa a nivel local, co fin de prever, planificar e dar as respostas necesarias en materia de programación, problemática educativa e estudo de necesidades na comunidade escolar do concello.

A posta en marcha do Consello Escolar Municipal é unha tarefa que implica a responsabilidade do goberno do concello, xa que tería que estar funcionando fai bastantes anos, e non sabemos se por desidia, falta de capacidade ou unha auténtica vontade de poñer atrancos á posta en marcha dunha ferramenta participativa fundamental para prever e conquistar a necesaria mellora da calidade do ensino no noso concello.

Unha vez máis e tendo en conta que no próximo mes abre o prazo para a matriculación nos centros de ensino, e tendo presente os distintos atrancos que se presentaron no presente curso escolar polos diversos problemas, sobre todo pola carencia de prazas nos colexios e nos propios comedores escolares, así como as obras pendentes da ampliación do colexio do Graxal e a adquisición de terreos para a construción dun novo centro de ensino na Barcala. O noso grupo municipal fai un chamamento aos restantes integrantes da corporación municipal “con especial atención ao grupo de goberno” para que esta carencia sexa unha realidade, e lembrarlle que corresponde aos poderes públicos garantir o dereito á educación mediante unha programación xeral do ensino, coa participación efectiva de todos os sectores afectados.

Polo exposto, o noso grupo municipal propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Único: Encomendar ao goberno municipal que leve a cabo de inmediato as actuacións necesarias para poñer en funcionamento o Consello Escolar Municipal.”

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción, aínda que tamén quere deixar claro que xa se tratou de poñer en marcha este proxecto, pero que a persoa responsable, dada a urxencia derivada dos investimentos procedentes do fondo estatal local, pasou a ocuparse dese tema, e tivo que deixar pendente de rematar a posta en marcha do Consello Escolar. Están pendentes de que finalice coas novas obrigas, para seguir co tema.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que isto non é novo. Non é unha cuestión que xurda nesta lexislatura, é algo que fai moitísimos anos que debería estar en funcionamento. Di que el non lembra que ningún grupo desta corporación presentara ningunha iniciativa para poñer en marcha esta ferramenta participativa para a comunidade escolar do Concello de Cambre, e iso que fai máis de 12 anos que debería estar a funcionar. Pensa que é unha ferramenta útil na que están representadas as ANPAS, distintas asociacións de veciños, incluso os empresarios, onde se poden formular as propostas das que antes estiveron a falar. Pensa que isto debía estar xa funcionando fai moitísimos anos, e por iso pide premura.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo tamén está de acordo coa moción, e dille ao Sr. Taibo que o grupo popular, na pasada lexislatura, si que reclamou nalgunha ocasión o Consello Escolar. Están totalmente de acordo coa moción.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que o certo é que o Consello Escolar Municipal si que se constituiu, hai uns anos, incluso houbo reunións, con participación de todos os grupos, veciños, empresarios, profesores e pais. Fixéronse varias reunións, pero logo foi decaendo, e el deixou de levar Educación, polo que non sabe exactamente que pasou. En todo caso, se non está a funcionar, loxicamente é conveniente que se volva poñer a funcionar, polo tanto el vai apoiar a moción.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que quere precisar que a moción non é para que se constituía o Consello Escolar Municipal, que a moción é para que se poña en funcionamento, porque se teñen unha ferramenta, se non a utilizan, entón están igual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos quince concelleiros presentes na sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

D) Moción do grupo municipal de EU-IU no Día internacional da muller

Rexistrada de entrada ao núm. 1758 o día 21 de febreiro de 2009, xunto con outra moción, rogos e preguntas. Consta do seguinte teor literal:

“Neste 8 de marzo seguimos constatando que a pesar dos avances habidos, a sociedade segue estando organizada sobre uns estereotipos masculinos e femininos que confrontan cos intentos de avanzar e pé de igualdade entre homes e mulleres.

A violencia contra as mulleres hai que abordala de xeito integral e non só nun dos seus aspectos, aínda que sexa o máis extremo, como o son as mortes por violencia de xénero (74 mulleres vítimas mortais en 2008). Por iso, na medida en que as iniciativas políticas e lexislativas non aborden todos e cada un dos aspectos estruturais de discriminación e violencia con medidas preventivas e transversais, baseadas prioritariamente na educación, prevención e detención precoz, seguirase actuando cunha cegueira de xénero que impedirá unha política eficaz e integral na loita pola erradicación da violencia cara as mulleres.

Conseguir o libre dereito a decidir sobre o propio corpo, esixindo o aborto libre e gratuíto sen ningún tipo de tutelaxe patriarcal, a súa despenalización e poñer freo a persecución xudicial contra as mulleres e profesionais sanitarios, seguida en diversas partes do Estado, segue sendo unha reivindicación fundamental.

A conciliación entre a vida laboral e familiar, de momento é unha expectativa. Os homes seguen sen compartir equitativamente as cargas familiares e as tarefas domésticas. Porque para que isto ocorra, non é só necesario leis que o regulen, senón tamén, e moito máis

importante, crear unha conciencia social de igualdade que transforme a cultura patriarcal e sexista que aínda existe.

Respecto da crise e as súas repercusións no mercado laboral, a precariedade, a desigualdade salarial e a discriminación por razón de sexo ou polo estado civil das mulleres, que condiciona o seu acceso ao emprego e aos traballos estables, seguen sendo unha realidade non superada en tempos de bonanza, que tenderá a agravarse no actual panorama de recesión económica e de destrución de postos de traballo. Aínda que as estatísticas reflicten unha maior perda de emprego por parte dos homes sen que afecte na mesma medida ás mulleres, ata o punto de que se vaian aproximando as porcentaxes de paro duns e outras, o dato non é en absoluto consolador, xa que a devandita aproximación prodúcese non por unha mellora na situación das mulleres senón por un empeoramento dramático do paro masculino, ao cebarse sobre sectores fortemente masculinizados, como é o caso da construción ou determinados sectores industriais. Con todo, o risco máis temible para as mulleres, nunha situación de crise da gravidade da actual, é a retracción da súa incorporación ao mercado laboral, e ata un retroceso na súa taxa de actividade (xa de por si moi baixa), e o retorno de moitas aos labores domésticos e de coidados familiares, o que pode producir unha involución sen precedentes cara aos vellos roles patriarcais que estamos intentando combater.

Por outra banda, os alarmantes índices de pobreza, que afectan con maior rigor ás mulleres inmigrantes, máis desprotexidas, e ás mulleres maiores, con pensións mínimas ou non contributivas que non chegan a cubrir as súas necesidades básicas, fan máis apremiante aínda o reforzamento do Estado Social e dos sistemas de protección.

O 8 de marzo, Día internacional das mulleres, é a data propicia, para que o Concello de Cambre mostre a súa vontade de poñer as bases reais, para que a igualdade das mulleres sexa un feito e non unha mera aspiración cunha serie de medidas destinadas a unha transformación real da nosa sociedade, onde as mulleres teñan plenitude de dereitos.

Polo exposto o grupo municipal de EU-IU propón a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O compromiso político de traballar para xerar un concello de suxeitos iguais en dereitos e obrigacións, utilizando os medios legais existentes e posibilitando as canles para que homes e mulleres teñamos as mesmas posibilidades de desenvolvemento.

Segundo: Implantar e desenvolver accións e programas que fomenten a sensibilización e a plasmación da igualdade real entre homes e mulleres.

Terceiro: Elaborar Plans de igualdade con carácter transversal, no que se impliquen todas as áreas municipais. Con dotación orzamentaria suficiente e avaliación anual da súa execución e desenvolvemento.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo comparte totalmente a moción presentada.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo non está de acordo coa exposición de motivos da moción e, polo tanto, van votar en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que o seu voto vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e votan en contra os seis concelleiros presentes do PP.

A corporación, por nove votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

7º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 140, do día 30 de xaneiro de 2009, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Mostrar a conformidade coa firma do protocolo de intencións entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e os Concellos da Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, para o desenvolvemento conxunto de actuacións de fomento do transporte público no ámbito da área de transporte metropolitano da Coruña, iso condicionado á correspondente tramitación e aprobación do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano da Coruña.”

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 1373, o día 11 de febreiro actual, procedente da Dirección Xeral de Transportes, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, no que se informa de que foi preciso introducir unha pequena modificación na intención segunda das liñas básicas de actuación do Protocolo de intencións entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e os Concellos da Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada para o desenvolvemento conxunto de actuacións de fomento do transporte público no ámbito da área de transporte metropolitano da Coruña.

A citada modificación fai referencia á política tarifaria, e consiste na introdución dunha mención á tarxeta Millenium da Coruña ademais da alusión feita á nova tarxeta metropolitana de Galicia.

- Do escrito presentado por don Francisco Javier Varela Tejedor, rexistrado de entrada ao núm. 1216 o 6 de febreiro actual, polo que presenta a súa renuncia ás competencias que lle foron delegadas mediante Decreto da Alcaldía de 10 de xullo de 2007, como concelleiro delegado da área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, así como renuncia a ser voceiro do grupo municipal socialista.

- Da Resolución de Alcaldía núm.209, de 12 de febreiro de 2009, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Tomar coñecemento da renuncia presentada por don Francisco Javier Varela Tejedor á delegación xenérica da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior que lle foi conferida por Resolución desta Alcaldía número 1.092 de data 10 de xullo de 2007.

Segundo: Os servizos e actividades municipais relativos ás materias recollidas dentro da citada área, segundo consta na Resolución de Alcaldía de data 9 de xullo de 2007, quedan adscritas á Alcaldía.

Terceiro: Revogar a delegación conferida a prol do primeiro tenente de alcalde, delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, segundo Resolución de Alcaldía número 1.184 de data 20 de xullo de 2007, respecto do recoñecemento, liquidación e ordenación do pagamento de todas as obrigas económicas derivadas de gastos de persoal (capítulo 1 da clasificación económica do estado de gastos do orzamento municipal).

Cuarto: A teor do establecido nos artigos 51 e 56 do Regulamento orgánico municipal, respecto da modificación posterior das delegacións e respecto da revogación, dease conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, publíquese no Boletín Oficial da Provincia e notifíquese ao interesado.”

8º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 1757 o día 21 de febreiro actual.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que non vai ler o primeiro rogo presentado polo seu grupo, que era referido a acusacións que se verteron nos medios de comunicación respecto dos veciños e tamén respecto dalgúns membros do seu grupo, a raíz do pleno pasado. O que si quere ler é o informe da Policía Local, no que se di que, en relación á actuación levada a cabo o día 29 de xaneiro de 2009, tras o pleno ordinario non se realizou ningún informe policial, quedando rexistrada a incidencia no parte diario de servizos. Tras ser desaloxado o salón de plenos, un numeroso grupo de persoas permaneceu no exterior da casa do concello ata a finalización do pleno, increpando a algúns concelleiros cando saíron do concello, non rexistrándose ningunha outra incidencia digna de mención.

Di que pensa que, unha vez lido o informe da Policía Local, sobra calquera outro comentario sobre ese tema, pero que lle gustaría que o Sr. alcalde lle facilite unha copia dunha carta que ten entendido lle dirixiron os veciños nese sentido.

2º Rogamos ao equipo de goberno nos informe dos motivos polos que se produciu a renuncia ao cargo do primeiro tenente de alcalde deste municipio e cal será a composición e o reparto de atribucións a partir deste momento.

O Sr. alcalde contesta que tal e como se deu lectura no apartado de informes da Alcaldía, en principio vai ser el quen asuma as competencias. Van a ter reunións de traballo e agarda que isto non vaia en detrimento do funcionamento da corporación, e que nuns días estea solucionado o tema.

3º Hai uns meses o PP de Cambre esixiu ao concelleiro de Facenda que explicara o motivo polo que tiña cargado a unha das contas do concello determinados gastos dunha viaxe

privada a Londres. A resposta foi que fora a coller ideas aos mercados de Portobello e Candem Town para poñelos en práctica en Cambre. Transcorrido un ano dende entón, rogamos ao equipo de goberno nos explique que iniciativas tomou ao respecto.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que hai un ano e pico fixo unha viaxe e pasou ao concello un cargo de 300 euros, que foi o que gastou en facer un estudo sobre a feira. Di que lles acaba de facer entrega dunha reportaxe de 55 fotos das feiras de Candem Town e de Portobello que son moi coñecidas por todos. Unha delas está fracasando e outra triunfando. Coa súa estancia quixo averiguar a razón, e por iso fixo esa reportaxe fotográfica na que se poden ver fotos dos postos, da xente, de anchos de corredores para camiñar, de músicos, etc. Pode verse como a feira de Candem Town está dedicada exclusivamente á roupa e dirixida a un público novo, con tendas de tatuaxes e piercings. A outra feira tiña moita máis xente, e varias cousas que non teñen en Cambre, por exemplo música na rúa, moitos elementos de enxoval, utensilios do fogar, ..., cousas que non había na outra feira.

Tamén se deron conta de que feiras como a de Vilaboa, teñen o problema de que a roupa que venden pode encontrarse tamén moi barata en centros comerciais como Alcampo ou Continente. O que van a propoñer é que as novas feiras que pretenden crear na Barcala e no Temple, teñan bastantes postos dedicados a unha serie de produtos que pensan teñen máis éxito.

Teñen practicamente rematada a ordenanza que vai regular este tema, e agardan poder entregala á Secretaría municipal o vindeiro mes.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que eles preguntaron por isto fai un ano, máis ou menos, nunhas comisións informativas. A resposta que recibiron naquel momento pareceulles un chiste, e así o toman tamén hoxe. Non pensa que sexa necesario dicir nada máis.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 1758 o día 21 de febreiro actual, xunto coas mocións e as preguntas.

1º Con frecuencia as empresas construtoras curtan e invaden rúas sen avisar e sen control. Ademais algunhas ocupan máis espazo do que lles corresponde sendo moi difícil circular polas vías públicas, sobre todo para persoas con certa discapacidade.

O noso concello é o responsable máximo destes problemas, por ser a administración que concede as licenzas de obras, os permisos de ocupación de vía pública e corte de rúas, por iso, debe ser o concello o que se esforce en que os cidadáns poidan circular coas mellores garantías e os mínimos inconvenientes.

Por todo iso, o grupo municipal de EU-IU presenta o seguinte rogo:

Que o Sr. alcalde dea as ordes pertinentes a quen corresponda, para que estes excesos e incomodidades non se produzan.

O Sr. alcalde contesta que así se fará.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que esa é a súa obrigaón e a súa responsabilidade tamén.

O Sr. alcalde así o recoñece.

2º O pasado 16 de decembro foi entregado no Rexistro un escrito por parte do actual coordinador do departamento de Servizos Sociais, consistente nun informe negativo sobre as actuacións desde a dirección política da área de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade.

Neste informe entre outras cousas se comenta e se fala de:

... inxerencia da dirección política na distribución das tarefas de profesionais

... pouca colaboración da concelleira da área...

Tamén denuncia que a dita concelleira está a asumir funcións que non lle corresponden, convoca reunións con empresas contratadas sen contar co coordinador, e sobre todo critica a inxerencia no labor profesional dos técnicos, xa que ao parecer tamén intervén nas valoracións e intervencións de casos concretos, aspecto que cremos de suma gravidade xa que calquera acción de intervención sempre ten que ser coordinada multidisciplinarmente seguindo criterios técnicos, nunca políticos.

Por todo isto o noso grupo municipal prega:

Que a concelleira responsable desta área dea as explicacións que sexan necesarias e aclare esta situación así como os motivos que a provocaron.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que é certo que ese informe chegou ao Departamento de Persoal, e que ese departamento está a estudalo. Cando teñan algunha conclusión, faránllela chegar e comunicaráselles.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, di que o rogo era que a concelleira responsable da área dea as explicacións e aclarase a situación.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que ata que non haxa unha análise seria e rigorosa deste asunto por parte do Departamento de Persoal, entenden que a concelleira non debe facer declaracións.

3º No pasado pleno de decembro o noso grupo presentaba unha iniciativa relativa á situación na que se encontran os contratos de seguros de responsabilidade civil do concello, e se nos informase se se presentaron ofertas de distintas empresas para a súa concesión. Por motivo da ausencia do responsable da área non se contestou á pregunta.

Pode informarnos o Sr. alcalde sobre o tema en cuestión?

Don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que este tema levábo o concelleiro que está de baixa. El preguntou aos técnicos como estaba esta situación, e a resposta que lle deron foi que no seu momento se iniciou un procedemento que non cumpría coa normativa, por iso decidiuse anular ese procedemento, e renovouse o seguro que estaba vixente.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que el se refire a isto porque a Sra. interventora, nas contas xerais dos anos 2006 e 2007, pon reparos no tema dos seguros. A pregunta tamén era se houbo algunha outra oferta, e se foron máis ou menos caras, e por que se contrataron eses seguros.

Don José Venancio Salcines responde que, como xa dixo, o procedemento que se iniciou non era o correcto. Para poder contratar este tema é necesario un procedemento público, e o que se fixo foi enviar invitacións. Tampouco saben que características se lles esixiron a esas empresas. Entenden que o procedemento non foi correcto, e tomaron a decisión de manter o seguro que estaba. O que teñen claro é que para o próximo ano teñen que iniciar o procedemento correcto e obviamente público.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 1818 o día 23 de febreiro actual.

1º Rogo se informe en que estado se atopa o contrato para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que o xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior preparou un informe contradictorio co de ICEACSA, e probablemente o mércores haxa unha reunión cos grupos para velo.

2º Rogo se informe en que estado se atopa o contrato para a instalación dos caudalímetros nas parroquias de Anceis e de Sigrás.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que o expediente xa pasou por Intervención, e agora está no Departamento de Contratación: Agardan que nun mes ou dous xa sexa contratado.

3º Rogo se informe da situación do goberno municipal tras a dimisión do concelleiro Sr. Varela Tejedor.

Dáse por contestada.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 1756 o día 21 de febreiro actual.

1ª Ten pensado o equipo de goberno sancionar a pegada de carteis nas marquesiñas ou as pintadas nas propiedades privadas?

O Sr. alcalde contesta que si, que deron orde á Policía para que o controlen.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, di que, aínda que non vai mencionar o partido concreto porque pensa que todos os veciños o coñecen, esta pregunta xurdiu por coincidir temporalmente cunha noticia que se publicou de que no Concello de Oleiros o alcalde comezou os procedementos sancionadores oportunos contra un partido que se dedicaba a pegar a propaganda electoral nas marquesiñas. Di que iso mesmo está a pasar en Cambre e piden que se sancione da mesma maneira.

2ª A dotación da rede de sumidoiros de numerosas parroquias do noso municipio atópase paralizada dende hai meses ou anos. Nalgúns casos o servizo está practicamente finalizado, pero os veciños non poden facer uso del. Cando poderán todos os veciños de Cambre utilizar con normalidade o servizo público de saneamento?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que todas as zonas e obras están sendo revisadas polos servizos municipais e que nun mes ou dous estarán todas as obras recepciónadas.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que en Lamiño levan máis de dous anos feitas as obras sen que as teñan podido utilizar.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que hai zonas nas que as obras están dentro do Plan operativo local (POL), son obras da Deputación, tamén da Xunta, que é certo que se tardan en recepciónar, pero agora xa están todas, xa presentaron a solicitude de recepción, e están sendo inspeccionadas polos técnicos municipais para en breve estar en funcionamento.

3ª Numerosos veciños de Sigrás e da urbanización Os Castros do Bosque, en Cecebre, períronnos a construción de sendos parques infantís nas súas zonas. Ten previsto o equipo de goberno construír algún parque infantil en Sigrás ou en Cecebre?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que na zona de Cecebre está contemplada a renovación do parque da Balastreira e Lendoiro. Tamén a renovación doutros na parroquia de Bribes.

No plan do FEIL hai parques en Pravio, en Brexo, na zona do Temple. No programa Arume tamén se prevé a renovación dos parques do Temple.

Na zona de Sigrás, e noutras parroquias, haberá que estudar a situación e incluílo nos orzamentos municipais. Di que non hai que olvidar que en Cambre contan con 42 parques infantís, e hai que renovalos todos, non só na parroquia de Sigrás, xa que hai 12 parroquias no Concello de Cambre, e todas teñen moita necesidade de parques infantís.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Registradas de entrada ao núm. 1758 o día 21 de febreiro actual, xunto coas mocións e os rogos.

1ª Con motivo da presentación dun rogo no pleno ordinario do mes de novembro, relativo ás medidas de austeridade para a contención do gasto público por parte do goberno local, co fin de conxelar os soldos e axudas de custo dos cargos electos do concello, cargos de confianza política, e outras medidas encamiñadas a promover un Plan de austeridade.

En que consistiron as ditas medidas, e que determinacións se van a tomar nos orzamentos para o presente ano?

Don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que nos orzamentos municipais vaise observar o plan de austeridade. Pódelle adiantar que hai unha redución moi significativa de partidas, sobre todo partidas de gasto corrente para poder sacar diñeiro delas, e poder destinalo a investimentos, que pensan que é o que máis falta fai no concello.

En canto aos soldos e axudas de custo dos concelleiros están conxeladas, non ten coñecemento de que teñan subido, esa é a idea que teñen, como xa comentou noutro pleno.

2ª Para o grupo municipal de EU-IU a dimisión do concelleiro responsable de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica, é un feito que sen dúbida traerá consecuencias no desenvolvemento da política no concello, e pode plasmarse nun primeiro momento, na paralización dunha parte da actividade municipal, sobre todo polos distintos procesos nos que estamos inmersos nesa área. A día de hoxe o Sr. alcalde xa tería que ter informado sobre o problema, agora no pleno ten a ocasión de poñer en coñecemento da corporación a actual situación, e non prolongar a incerteza existente provocando confusión e baleiro de poder e responsabilidades.

Que medidas ten pensado adoptar o máximo responsable do concello en relación coas responsabilidades das distintas áreas do goberno local, e para cando pensa facer a restructuración necesaria e corrixir a actual situación de desgoberno existente?

Dáse por contestada.

3ª En relación aos problemas xurdidos no ensino o pasado ano, aínda temos moi presente as manifestacións e protestas das familias, e xa temos aquí o problema de novo.

Algúns pais xa se puxeron en contacto con nós e empezan a mostrarnos a súa preocupación debido a que como é sabido, este mes que entra ábrese o prazo oficial para formalizar a matrícula de cara ao vindeiro curso 2009/2010.

Loxicamente tras o acontecido o ano pasado, a súa incerteza é maior se cabe, xa que ven como o tempo pasa, e as prazas prometidas pola consellería e a súa responsable non aparecen por ningún lado, e polo tanto, descoñecen se poderán contar con elas para matricular así aso seus fillos no colexio público que legalmente lles corresponde por zona.

Lamentamos e denunciámos, unha vez máis a incompetencia da Xunta e a súa Consellería de Educación e a desidia demostrada polos quenela se atopan, especialmente a conselleira, que son incapaces de xestionar os cartos públicos e cubrir as necesidades básicas de dereito dos cidadáns.

Ante esta situación o noso grupo municipal pregunta:

- En que punto se atopa o proxecto de ampliación do CEIP do Graxal?
- Pode garantir o concelleiro de Educación aos pais e nais dos nenos a realización e entrega a tempo, é dicir en setembro, desa necesaria obra?
- En que situación se atopa a adquisición dos terreos para a construción dun novo centro educativo no lugar de Lendoiro na Barcala?

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes, contesta que el non ten competencias para garantir a entrega, o que si pode facer é esixir que o fagan nos prazos establecidos, pero non o pode garantir.

Respecto da adquisición de terreos en Lendoiro dille que o arquitecto municipal está a facer estudos para abrir os expedientes de expropiación.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, manifesta que se algo teñen que ter os políticos é palabra. Claro que o Sr. Lisnier non vai construír o colexio, nin vai poñer unha pistola ao peito da conselleira para que o faga, pero o que si é a súa responsabilidade é esixir, sobre todo despois do grave problema que tiveron cos nenos que quedaron fóra dos colexios que lles tocaba por zona. Ven que os prazos non se van a cumprir. O outro día faláron de seis meses, e, por tanto, antes de outubro vai ser case imposible que estea rematado o colexio.

Di que esta é unha chamada de atención a un problema que teñen xa enriba. Non é un problema para setembro, é un problema que xa teñen. Os pais non saben que van facer. Non saben se matricular ao neno nun colexio porque despois pode que non haxa prazos. Non é unha hipótese, o problema xa está aquí.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que o que si pode dicir é que o número de prazos que vai saír é o mesmo que o ano pasado. Son as que poden saír aínda que estea rematado o colexio. Son 50 prazos para nenos de 3 anos en cada un dos colexios desa zona. Pensan que este ano non vai a haber problema porque o número de censados de 3 anos é algo inferior ao do ano pasado, segundo os estudos feitos pola inspección e por eles. En todo caso, son conscientes dos imprevistos que poden xurdir, e as prazos que vai haber, estea ou non rematado o colexio son 50 para nenos de 3 anos.

Don Juan Antonio Fernández López pide para rematar que se tome isto moi en serio, porque é un problema real importante que afecta a moitas familias.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia